

INSTRUCCIÓN do Delegado Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria sobre a aplicación da Orde do 9 de abril de 2007 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2007/2008, nos centros docentes sostidos con fondos públicos.

Os artigos 9 e 11 da orde do 9 de abril de 2007, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2007/2008, nos centros sostidos con fondos públicos, recollen que os centros educativos poderán solicitar unha modificación da xornada escolar.

Resultando necesario establecer unhas instrucións específicas para a modificación da xornada escolar durante os meses de setembro de 2007 e xuño de 2008, dítanse as seguintes instrucións:

Primeiro.- Os centros educativos que o desexen deberán realizar petición expresa da modificación da xornada escolar, formulada pola dirección do centro, previo acordo do Consello Escolar, adoptado por maioría simple.

Segundo.- A petición deberá dirixirse ao Delegado Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria con entrada no rexistro da Delegación antes do ao 1 de xuño de 2007.

Terceiro.- Na solicitude deberá constar de forma expresa o horario escolar que se propón para os meses de setembro de 2007 e xuño de 2008, así como o horario de funcionamento do servizo de comedor.

Cuarto.- Con carácter xeral, a duración da xornada escolar será de cinco horas lectivas, e a hora de entrada a mesma que a fixada para o mes de setembro de 2006.

Quinto.- A Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria aprobará a proposta de modificación da xornada para setembro de 2007 e xuño de 2008 sen máis trámite que a solicitude cando sexan centros sen transporte escolar.

Sexta.- A Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para o caso dos centros con transporte escolar, autorizará os horarios propostos polos centros, podendo facer as adaptacións necesarias, para garantir o axuste e a perfecta coordinación dos centros con este servizo.